

Celanova, Centro Rosendiano no Ano Xubilar

O 24 de novembro de 2006 inaugurábase solemnemente o Ano Xubilar de San Rosendo, con motivo de cumprirse mil cen anos do seu nacemento. Acontecía o 26 de novembro do 907. O Papa Benedicto XVI concedeuulle as dioceses de Mondoñedo-Ferrol e Ourense esta graza. O Vice-chanceler, D. Manuel Emilio Rodríguez Álvarez, lía, ao remate da Misa, a acta na que, o Sumo Pontífice lle comunica tal decisión.

Celanova comezaba a vivir un ano de especial transcendencia, importancia e dedicación. Por primeira vez na súa historia, chea de acontecementos relixiosos e culturais, ía ser protagonista da celebración dun Ano Xubilar, ó cumprirse MC anos de seu nacemento.

Con tal motivo, Celanova converteuse nun centro de peregrinación, encontro de pobos, parroquias, arciprestados, centros educativos, grupos de matrimonios, misioneiros, familias, sacerdotes, catequistas, monxes, relixiosos e relixiosas, seminaristas, terceira idade, reitores de Santuarios, moteiros...

..., procedentes ben de Ourense, ou de Galicia, ou de toda España e norte de Portugal. Un ano, para vivir unha experiencia xubilar, que nos enriqueceu aos que tivemos a sorte de deixarnos sorprenden-



der por todos e cada un dos que chagaban ansiosos de bicar as reliquias de san Rosendo e gañar as grazas xubilares. O Abade e Fundador seguía sendo un faro que expande os seus raios non só no tebroso século X, senón que alumea tamén a nosa historia actual. Polo templo de Celanova, axeonllándose diante dos seus restos mortais, pasaron nada menos que 200.000 peregrinos. Pódese afirmar, evocando as palabras do poeta celanovense, Celso E. Ferreiro que, durante este ano, "**o mundo se chamou Celanova**".

¿Cómo espertou tanto interese a persoa e a vida de San Rosendo?

I. Coñecer a vida e obra de San Rosendo

A Parroquia de Celanova

Un dos factores determinantes deste clamor e devoción mostrado por San Rosendo, desenrolouno a parroquia cos seus Sacerdotes.

Coa morte de D. Manuel Iglesias Grande continúa a tarefa promovida por él. Os sacerdotes da parroquia cultivaron e potenciaron o amor ao Santo. Para corroboralo, aí está a entrega do premio "Irmáns Iglesias" que se fai tódolos anos o día de San Rosendo. Aí está a restauración do retablo do Santo, obra de Frei Primitivo. O gastos desta obra sufragounos unha familia moi devota do Fundador e Abade. Nesta relación hai que lembrar a restauración dos óleos da familia rosendiana, do pintor Gregorio Ferro. A aportación económica necesaria fixérona diversas familias da parroquia.

Neste proxecto de coñecer a san Rosendo hai que incluír a exposición "*O tesouro de San Rosendo*" que se tivo na sacristía do Mosteiro, fai uns cinco anos. Era a primeira vez que estes obxectos de culto, propiedade do mosteiro, volvían a él, xa que se atopan no museo da Catedral de Ourense.

Sen lugar a dúbida, a parroquia ten un gran protagonismo na devoción a San Rosendo. O ano xubilar non a colleu por sorpresa.

Comisión Diocesana e Comisión Parroquial

Así pois, a celebración do Ano Xubilar de San Rosendo era unha preocupación, que se fixo mais presente nas diversas reunións, que tanto a Diocese como os responsables da parroquia de Celanova, viñan sostendo dende facía xa un anaco de tempo.

O Bispo da Diocese, D. Luís Quinteiro Fiúza implicouse fondamente en levar a cabo este Ano Xubilar. Quería que *Celanova tivese a maior significación eclesial e social, no devandito Ano e que servira de estímulo para a evanxelización e renovación cristiá.* Este ano Celanova sería o centro de moitas actividades que, normalmente se celebraban na cidade de Ourense. Él mesmo asistiu, presidiu e celebrou non só os actos mais solemnes: inauguración festa de San Rosendo, clausura..., senón en todas as peregrinacións que realizaron os Arciprestados ou parroquias de Diocese.

Realizou unha serie de actos que deron resultados efectivos. E así, para canalizar as actividades que se ían elaborando, **o 30 de maio de**

2006, nomeo Delegado Episcopal para este Ano, o **M. I. Sr. D. Miguel A. González García**, Cóengo e Archiveiro na Catedral de Ourense. Así mesmo designou ós demais membros das Comisións que levarían o peso da programación e organización


Comisión Executiva:

- M. I. Sr. D. Miguel Ángel González García, Cóengo Archiveiro.
- Ilmo. Sr. D. Xosé Ángel Feijoo Mirón, Vicario Moderador Curia.
- Ilmo. Sr. D. Xosé Pérez Domínguez, Vicario de Pastoral.
- Ilmo. Sr. D. Xosé Rodríguez Gallego, Vicario para Asuntos Económicos.
- Rvdo. D. Cesáreo Iglesias Grande, Párroco de Celanova.
- M. I. Sr. D. Jorge Eugenio Estévez Armada, Delegado Medios de Comunicación.
- Rvdo. D. Benito Gómez González, Vicario Parroquial de celanova.
- D. Xosé Carlos Martínez Pedrayo, Presidente Liceo Ourenseano.
- D. Felipe Iglesias Mira, Responsable páxina Web Obispado.

Comisión Parroquial:

- Rvdo. D. Cesáreo Iglesias Grande, Párroco de Celanova.
- Rvdo. D. Benito Gómez Gonzalez, Vicario Parroquial de Celanova.
- D. Manuel Araujo Vázquez.
- D. Castor Pérez Casal.
- D. Benito López Fernández.
- D. Benito Fernández Rodríguez
- D^a. Rosa María Ramos González.

A partir de entón, as reunións multiplicáronse a diversos niveis. Estas dúas comisións van levar a responsabilidade da realización do Ano Xubilar. A actividade de ambas fíxose intensiva. A Diocesana, moveuse dentro dun campo mais ben técnico i estruturado. En cambio, a parroquial sitúase nun terreo operativo, executando actividades saídas tanto da Comisión Diocesana, como emprendendo e realizan-



do tarefas conducentes a preparar a celebración e realización do Ano Xubilar Rosendiano.

O Bispo, D. Luis Quintero Fiúza, propón nomear un sacerdote mais, para este Ano Xubilar. Acertou na persoa, que compartiría os traballos e accións que íamos levar a cabo. **D. Xosé González Martínez**, sacerdote con experiencia parroquial, experto na súa relación coa mocidade, coñecedor da Vila, pois é natural de Cartelle. O Ano de San Rosendo, converteuno en sacerdote moi ben valorado non só polos peregrinos senón pola xente da parroquia.

Recursos

Para emprender calquera actividade hai que contar cuns materiais adecuados ás diversas necesidades das persoas ás que se quere chegar. As dúas comisións tentaron ver con que materiais contaban.

1. Páxina Web do Bispado (www.obispadodeourense.com).

Durante o ano xubilar apareceu un apartado: San Rosendo, Año Jubilar en el MC Aniversario de su nacimiento.

O Responsable da páxina, **D. Felipe Iglesias Mira**, dedicoulle uns espazos e apartados que fixeron, da mesma, un lugar obrigado para todos os que precisan información sobre o Ano Xubilar de San Rosendo. Abrangue os seguintes:

- Presentación
- San Rosendo
- Comisións
- Novena
- Actos
- Noticias
- Álbum fotos
- Materiales
- Indulgencia
- Celanova

Aquí entraban os medios de comunicación: prensa, radio, televisión e cantas persoas ou grupos que proxectaban peregrinar a Celanova. Foi unha páxina moi visitada.

Os responsables da información da parroquia, *Cesáreo Iglesias e Benito Gómez*, trataron de manter, ao día, a información de todos os

cambios que se podían producir tanto na programación como no horario da Misa do Peregrino e outros actos: exposicións artísticas, congresos, unha mitra no mosteiro, misa hispano-mozárabe, novena San Rosendo, concertos órgano...

Aquí, en Noticias, publicábanse as parroquias e grupos de peregrinos que acudían, durante a semana, venerar as reliquias de San Rosendo depositadas na urna de prata de Xoán de Nápoles.

Na actualidade pódese consultar. Aparece no índice.

2. Publicacións Rosendianas en Ourense

Cando comezou o Ano Xubilar xa contábamos con algunhas. Outras, saíron a luz pública con motivo da efeméride. Foron aparecendo ao longo do Ano, segundo as necesidades celebrativas. Uns e outros prestaron unha gran axuda para coñecer e celebrar a San Rosendo.


Biografías:

- **Rudesindus**, o legado do Santo. Variso autores. Xunta Galicia
- **Rudesindus**, el milenario recobrado, *Ocaña Martínez*.
- **San Rosendo**, Bispo e Fundador, de D. *Miguel Anxo Araújo Iglesias*, bispo emérito de Mondoñedo-Ferrol.
- **San Rosendo**, de *Xosé R. Hernández Figueiredo*(2007).
- **Celanova, monasterio de San Salvador**(2007) de *A. Piñeiro y Miguel A. González García*.
- **Novena a san Rosendo**, no MC aniversario do seu nacemento 907-2007, de D. *Xosé Pérez Domínguez*. (Out- 2006).

Revistas:

- *Pastoralia*, revista de pastoral, diocese de Ourense, nº 21 (monográfico).
- *Ourense siglo XXI* (monográfico Año Jubilar de San Rosendo, nº 11)
- *Año Jubilar San Rosendo*. Patronato Provincial de Turismo.
- Onde o mundo se chama *CELANOVA*, nº 33 e 34
- *Auriensia* nº 10/2007 Tres artigos.
- *Sementar*, nº 15 e 16, un artigo en cada número.
- Carta Bispo de Ourense, D. Luis Quinteiro Fiúza: "San Rosendo una luz que no se apaga".

- *Material didáctico del IES de Celanova.*
- *Cartel Ano Xubilar.*
- *Tríptico informativo.*
- *DVD Año Jubilar san Rosendo (Diocese de Ourense)*
- *Estampa y oración do Ano Xubilar.*
- *San Miguel de Celanova, el silencio y la elocuencia de una arquitectura singular.* M^a Dolores Barral Rivadulla



3. Concurso literario

Para dar a coñecer a San Rosendo ós alumnos de educación primaria e secundaria, estableceuse, para toda Galicia, un concurso literario.

A nivel de Primaria e de Secundaria contémplanse tres modalidades: **narrativa, poesía i ensaio**, con tres premios para cada un deles.

O xurado tanto dun nivel como do outro, formábanos profesores das especialidades, obxecto do concurso.

A Comisión parroquial mandoulle por correo a todos los centros públicos e privados un sobre coa **Biografía de San Rosendo** e o **Material Didáctico do IES de Celanova** para os de ESO e revista **Pastoralia** para os de Primaria. Acompañóuselle a todos as bases do concurso.

A resposta foi moi positiva: presentáronse 44 traballos en Primaria e 102 Secundaria.

Primaria, modalidade en **Narrativa**: "*O Inicio da santidad de San Rosendo*" CEIP de Bande; en equipo alumnos Colexio Sagrado Corazón, "*Ti viñeches e o Monasterio nos fixeches*"; "*San Rosendo e o pastasmiña*" CEIP Bande.

- **Poesía**: "*San Rosendo, gran home*" Colexio Sagrado Corazón Celanova; "*Poesías a San Rosendo*". CEIP Bande; "*San Rosendo*", Sagrado Corazón, Celanova.

- **Ensaio**: "*San Rosendo*", Sagrado Corazón, Celenova. O 2º e 3º quedou deserto.

Secundaria e Bacharelato, **Narrativa**: "*Historias de ayer y de hoy*", IES Rosais II Vigo; "*La Búsqueda de un tesoro perdido*", IES Rosais de Vigo; "*Relatos*", IES de Barraña de Boiro (Coruña).

- **Poesía**: "*A túa presenza*", IES de Celanova; "*¡Oh San Rosendo!*", IES Rosais II de Vigo; "*San Rosendo*" IES Rosais de Vigo.

- **Ensaio**: "*San Rosendo 907, 977, 2007*" IES Lama de Abade (Santiago); "*San Rosendo*", Colexio Sagrado Corazón Celanova; "*Presencia de San Rosendo en Bande*", IES de Bande.



Unha vez coñecido o veredicto do xurado, entregáronse os premios o día 15 de xuño, participando neste acto o Sr. Bispo, D. Luís Quinteiro, membros da Comisión Parroquial e tamén do xurado.

4. Recepción e atención ós peregrinos

A Comisión Parroquial asumiu o compromiso de coidar a recepción e atención os peregrinos que viñeran a Celanova. Comprende dous momentos:

- Enviarlle unha información específica a todas as parroquias de Galicia, centros de relixiosos e relixiosas: Unha carta saúdo dos sacerdotes de Celanova, unha biografía do Santo, tríptico informativo, cartel Ano Xubilar, oración e novena de San Rosendo. Así mesmo informábaselle de diversas rutas que podían realizar o vir a Celanova, restaurantes nos que se podía comer, e teléfonos para establecer contacto cos sacerdotes da parroquia.

Resultou un traballo arduo e custoso, pero sentímonos satisfeitos dos resultados. Abriuse un campo de comunicación. Facilitóuselles o camiño para preparar a peregrinación.

- **A visita guiada** ao templo, sacristía, capela San Miguel, claustro barroco e coro alto.

Outra tarefa, que nos resultou complicada dabondo, pero tamén chea de satisfaccións. Así o expresaban os romeiros. Formaba como unha parte integrante da peregrinación, establecendo unha sintonía entre os peregrinos e o sacerdote. Claro que cando na mañá chegaban dous ou tres grupos, ao remate da visita guiada, o cansazo afloraba na faciana.

5. Coidar as celebracións

Este apartado estivo moi presenta tanto a nivel de Comisión Executiva como a nivel parroquial. De feito, dedicóuselle tempo a preparar todas a cada unha das celebracións solemnes que tiveron lugar durante o Ano de san Rosendo: inauguración, novena e festa San Rosendo, retransmisión Semana Santa pola COPE, misa televisada pola segunda cadea, misa en rito hispano-mozárabe, clausura...

O templo préstase a ofrecer unha celebración digna, de maneira que os presentes vivan a celebración con gozo, satisfacción.

Preparamos uns folletos para celebracións especiais: Inauguración e clausura do Ano Xubilar, misa en rito hispano mozárabe. A cada persoa que participou nestas celebracións entregábase un exemplar.

II. O Carisma de San Rosendo

Na primeira parte, intentei presentar os recursos e medios que usamos para preparar e celebrar o Ano Xubilar de San Rosendo, no seu MC Aniversario do nacemento. Todas as persoas e organismos implicados neste evento, parecíanos que era fundamental levar a cabo todas estas accións.

Na segunda parte quero reflexionar sobre o que eu chamo “a resposta do Santo”. Estou convencido que superou as previsións mais optimistas. San Rosendo ten gancho, segue sendo un referente, non só no seu tempo, senón tamén no século XXI. O amor e cariño que gozou a memoria do Santo Abade, ó longo da historia, maniféstase na Capela de San Miguel. Resistiu o paso do tempo, sen que en ningunha das reformas do mosteiro, se derrubase esta pequeno oratorio, hoxe unha xoia arquitectónica. Era algo persoal de San Rosendo e había que conservala.

Aínda que a cantidade non entra nos proxectos de Deus, hai que destacar a concorrencia de peregrinos que viñeron a Celanova a honrar a San Rosendo. Doce



corais polifónicas tanto da Ourense como Lugo, Pontevedra e Coruña, ofrecéronse a vir cantar nalgunha Eucaristía dominical. Solpor, de Celanova, actuou desinteresadamente en todas as celebracións do Ano Xubilar.

A Cadea COPE, retransmitiu os actos de Semana santa desde o templo parroquial, con motivo de vivir este Ano de San Rosendo.

Televisión Española, retransmitiu en directo a Misa dominical o día 25 de marzo, para toda España. Tanto a realización como a vivencia resultou moi positiva.

As festas da V. da Encarnación, o primeiro domingo de Agosto e San Roque o 16 do mesmo mes, tiveron un algo especial, non só por-

que as presidiu o Bispo do Porto e o arcebispo de Braga, senón pola cantidade de devotos que participaron na mesma.

O poder de convocatoria do Santo é manifesta. Voume deter algo nas grandes celebracións.

1 As Celebracións do Ano Xubilar

Inauguración

O 18 de novembro, oito días antes do 26, Celanova viviu unha data que se converterá en histórica: *inauguración solemne do Ano Xubilar de San Rosendo*. Por primeira vez ía ter lugar un ano Santo, con sede en Celanova e Mondoñedo, os dous lugares nos que este Santo desenrolou a súa tarefa pastoral.



O templo parroquial presentaba unha faciana luminosa e rebosante de devotos e mais dun centenar de sacerdotes. Entre o público estaban seminaristas, relixiosas e relixiosos. Arredor do altar, trece bispos de Galicia: Ourense, Mondoñedo-Ferrol, Tui-Vigo, Astorga, Bragança-Miranda, Viana do Castelo, Lamego, Vila Real, os dous Auxiliares de Braga, eméritos de Tui-Vigo, Tenerife e Braga e dous Arcebispos o de Santiago e Oviedo. Así mesmo, no presbiterio estaba o Prior de Oseira e os sacerdotes da Parroquia.

Entre as autoridades civís: Alcalde de Celanova, Presidente da Deputación e a Deputada, Laura.

A Eucaristía, presidida polo Arcebispo de Santiago, Monseñor Barrio, comezou cunha procesión, a través do Claustro, saíndo a Praza Maior, para entrar no templo pola porta principal, portando dous relicarios de San Rosendo. A Coral Solpor, o son do órgano monacal, cantaba "Subamos xuntos".

Rematouse cantando o Himno a San Rosendo.

Novena e Festa

A segunda celebración a resaltar, neste Ano Rosendiano, será o festa do Santo, 1 de marzo. Esta data, precédelle a novena. Si en anos anteriores sempre se lle deu importancia, nesta ocasión programouse



coa máxima intensidade. Cada día, presidiu a Misa ben un bispo ou un abade.

Os temas de reflexión estaban sacados da publicación recentemente feita por D. Xosé Pérez Domínguez, Vigairo de Pastoral da Diocese: *San Rosendo nun lugar de Galicia* (Bispo de Viana do Castelo),

"Rosendo, fillo dunha nobre familia cristiá" (Auxiliar de Braga), *"A vocación consagrada: San Rosendo, un bispo monxe"* (Arcebispo de Santiago), *"San Rosendo un Bispo pacificar"* (Emérito Tui-Vigo), *"San Rosendo, un Bispo Gobernador"* (Bispo Astorga), *"San Rosendo, un Bispo Fundador"* (Abade de Silos); *"San Rosendo, un fillo da Igrexa"* (Mondoñedo-Ferrol), *"San Rosendo e a Sagrada Liturxia"* (Abade Dueñas), *"San Rosendo, un Bispo Santo"* (Arcebispo de Oviedo).

A asistencia de devotos de Celanova aumentou moito este ano. A presenza de un Bispo ou un Abade deulle un matiz especial a ca día da novena.

O día 1 de marzo medrou a asistencia e participación dos fieis. Presidiu a Misa o Nuncio do Papa, D. Manuel Monteiro de Castro, concelebrando co Arcebispo de Oviedo e Bispo de Ourense.

Ó final déronse as reliquias a bicar, cantando a Coral Solpor e pobo o himno a San Rosendo.

Misa en rito hispano-mozárabe

Un acontecemento que suscitou moito interese nos medios de comunicación tanto na prensa, como na radio. A curiosidade converteuse nun factor determinante a hora de asistir a esta misa en rito hispano-mozárabe.

O templo rexistraba un aforo grande, arredor de 500 persoas, fóronse situando nos asentos da igrexa parroquial.

A Comisión parroquial había preparado un libro para poder participar nesta misa, algo diferente da que se celebra habitualmente. Preside o Bispo de Ourense, concelebrando o Vigairos da Diocese, xuntamente cos sacerdotes da comarca. O Bispo fixo especial referencia o significado desta Eucaristía, que se celebraba no tempo que viviu

San Rosendo. Seguro que neste lugar celebrou el a Santa Misa no rito que se está celebrando.

Os asistentes, contrastaron as diferenzas entre unha e outra, manifestando o desexo de que se repita noutras datas.

Clausura Ano Xubilar

Estamos no final dun ano que resultou moi positivo para os que vivimos en Celanova pero tamén para outras moitas persoas que descubriron en San Rosendo algo diferente.

A Clausura realizouse o 24 de novembro de 2007. Chegaron 7 bispos: D. Luis Quinteiro(Ourense), Tui-Vigo, Mondoñedo-Ferrol, Astorga, Lamego, Bragança-Miranda, Emérito de Tui-Vigo e dous arcebispos: Santiago e Braga, mais tres priores: Oseira, Samos e Sobrado dos Monxes.

Tamén estaban autoridades civís tanto de ámbito local (Alcalde de Celanova), provincial e autonómico.

Despois dun ano de encontro diario coa vida de San Rosendo, chegou o momento de recoñecer as grazas que nos concedeu. Pero o mais importante era a resposta do



pobo non só de Celanova senón da Comarca. Desde logo a parroquia de Celanova estivo sempre a altura das circunstancias e, nesta ocasión, demostrouno unha vez mais.

A celebración comezou cunha procesión polo claustro barroco, para saír a Praza Maior e entrar pola porta principal do templo. A Banda Municipal de Celanova, acompañaba o paso de bispos, sacerdotes e fieis devotos de San Rosendo. Xa dentro, órgano e Coral Solpor interpretaban "*Subamos xuntos ó monte de Señor*".

Seguidamente comeza a Eucaristía que preside o Bispo de Ourense, concelebrando todos os Bispos, sacerdotes presentes na Eucaristía.

O Delegado Episcopal para o Ano Xubilar, presentou un balance moi matizado, insistindo nos valores de Deus, diferentes dos nosos

cálculos. Cando se pecha unha porta, ábrense moitas outras ventás. É necesario decatarse dese realidade.

Como acto final, descubriuse unha placa conmemorativa de Ano Xubilar, situada na porta dereita, na entrada principal do templo.

2 OS PEREGRINOS EN CELANOVA

Entro no apartado que constitúe o eixo, o cerne do presente artigo "**Celanova centro do Ano Xubilar**". Eu diría que é "*a proba do nove*", a demostración do amor que se lle profesa ó Santo Abade, a comprobación da capacidade de convocatoria de que está adornado San Rosendo. Certo que os números non ofrecen lugar a dúbidas: case un cuarto de millón de peregrinos, son moitos para Celanova, estreando un primeiro Ano Xubilar.

Os números son fríos, matemáticos, pero perden esta frialdade, cando se coñece a cara das parroquias, arciprestados, centros educativos de primaria e secundaria, asociacións civís e relixiosas, seminaristas non só da Diocese de Ourense, senón de toda Galicia, de España e norte de Portugal. San Rosendo, en Celanova, converteuse en un punto de encontro de pobos, culturas, idades. ¿Como non recordar a experiencia vivida, o día 12 de xullo, na que se xuntaron monxes beneditinos e cistercienses de toda Galicia, norte de España e Portugal? O templo, noutro tempo monacal, recobrou a imaxe dos monxes rezando e cantando vésperas no coro baixo. Dous días mais tarde, peregrinan mil romeiros da Diocese de Mondoñedo-Ferrol co seu Bispo ao fronte i, ese mesmo día, chegan un grupo de Santo Tirso, lugar onde, segundo as últimas informacións, naceu San Rosendo.

O Ano Xubilar enriqueceu os veciños de Celanova. Cada grupo de peregrinos viña a gañar a grazas xubilares, rezarlle e bicar as reliquias de San Rosendo, participar na Misa do Peregrino, rematando coa visita guiada.

Aquí, o templo presenta unha estrutura iconográfica que, suavemente condúcenos a tumba e o retablo maior onde está moi presente San Rosendo.

Na fachada, nun fornelo, na parte esquerda, xa nos encontramos cunha imaxe do Santo, de 1,70. Nada mais entrar no templo, como tentando darnos a benvinda, está un San Rosendo, con vestimenta policromada. Seguimos avanzando a través do coro baixo. Nos testeiros das cadeiras da fila inferior de dito coro hai 14 escenas da súa vida.

No retablo do altar, encontramos a urna de prata cos seus restos mortais. O autor é Xoán de Nápoles. Ilustrouna con tres escenas rosendianas. Levantando a mirada encontramos outra imaxe de San Rosendo, encima dunha celosía. No ventá do centro descubrimos un Rosendo sinalando o lugar no que se ía edificar o mosteiro. No ático do retablo, encontramos unha imaxe diferente: é o segundo xinete, situándonos na parte esquerda. Aínda, temos que ir a nave lateral onde está o seu retablo: un abade-bispo, sedente. Aquí, enterraron a súa nai Ilduara. Si entremos na sacristía encontraremos con toda súa familia, óleos de Gregorio Ferro.



O peregrino que chega a Celanova vai a ter unha fermosa ocasión para coñecer e empaparse da vida de San Rosendo.

Aquí peregrinaron tódolos arciprestado de Ourense, medio centenar de parroquias da Diocese, misioneiros, catequistas de toda Galicia, seminaristas de Ourense e Vigo.

Celanova acolleu a parroquias, arciprestados, centros educativos de Primaria e secundaria de Ourense, Vigo, Lugo, Santiago.. Tamén recibimos con alegría parroquias portuguesas de Santo Tirso, Dumio, Turei, San Miguel do Couto...

Aquí peregrinaron Clubs relixiosos e civís de toda Galicia, Madrid, Oviedo...o clero da diocese de Ourense, grupos de sacerdotes dos arciprestados, liceos, irmandades, universitarios...relixiosos mercedarios, capuchinos, paules...

Relatar os nomes de cada grupo resulta un traballo pouco satisfactorio para o lector. A relación é dabondo extensa.

3 ACTOS CULTURALS

Durante este Ano Xubilar, tivemos a oportunidade de asistir e admirar diversos actos culturais, que tiñan, como fondo e referencia, a Vida de San Rosendo. Todos revestiron gran importancia. Tan só vou enu-

meralos para que quede constancia neste diario do Ano de San Rosendo, xa que non hai espazo para mais.

Iconografía e Libros

Estivo exposta durante o mes de Abil e maio, na Sacristía do templo parroquial. Organizaba a Parroquia de Celanova e o Liceo Ourenán.

Podíase ver unha **colección de esculturas** de artistas ourensáns, prefrontemente: Xosé cid, F. De Arboiro, César Taboada, Baldomero Moreiras, Delfín Blanco, Acisclo Manzano, Manuel Bucíños...

Pinturas de Arturo Baltar, M. Prego, Virxilio, Miguel. A. Nieto, Xosé Ramón, Maite Vázquez...

Libros sobre San Rosendo de hoxe e de onte.

Una mitra en el monasterio

Esta obra de teatro escribiuna, para esta ocasión, *D. Serafín Marqués Gil*, Deán da igrexa catedral basílica de Ourense. Dirixiuna Alexandra Juno. No reparto de papeis, tocoulle actuar a catro actores de Celanova: Xosé Luis Ferro, Sindo, Benito López e Benito Fernández.

Representouse o 15 de xuño, cunha asistencia de público que rebasou as previsións iniciais. Celanova acudiu masivamente a ver "Una Mitra en el Monasterio".

Congreso Internacional.

Dende o 26 ao 30 de xuño, celebrouse este Congreso. A Celanova correspondeullo o día 30. Antes tivo lugar en Mondoñedo e Santo Tirso (Portugal).

O tema do 30 era "A Memoria de San Rosendo: o mozárabe auriense, priorados beneditinos de Celanova, capela de San Miguel, o mosteiro barroco".

Celebráronse cinco sesión na mañá, nas que se abordaron os temas propostos. Pola tarde despois das comunicacións elaboraron as Conclusión do Congreso.



A conferencia de Clausura presentouna Monseñor Xulián Barrio, Arcebispo de Santiago, sobre "O legado de San Rosendo, na actualidade da igrexa galega".

Exposición "O legado do Santo"

Ocupou a nave lateral dereita do templo, continuando pola sacristía ata a capela de San Miguel.

Inaugúrase o día *1 de outubro* para rematar a primeiros de decembro.

Organizouna e Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia.

O visitante podía acceder tódolos días de 12 a 19 da tarde.

Presentaba a época do tempo de San Rosendo, prolongándose antes e despois. As pezas procedían de toda Galicia, Norte de Portugal. Predominaban as de Ourense e Celanova. Podíase contemplar desde unha lápida funeraria prerrománica a modillóns, ménsulas, capiteis tamén prerrománico, unguentario... Na Sacristía estaba a Bula de Beatificación de San Rosendo.



A exposición comprendía bastantes pezas litúrxicas, abundando as pétreas.

A pesar de ser unha época outonal, foi moi visitado polas persoas que viñan a Celanova ou se entereban pola prensa.

Óleos irmán Luís, cisterciense.

A última exposición do Ano Xubilar, presentaba os óleos do Irmán Luís, Cisterciense de Oseira. Representan a vida de San Rosendo nos seus diversos momentos. Entre eles destaca o que se denomina a apoteoses.

A parroquia adquiriu este último, para incorporar os outros óleos da sacristía no MC anos do nacemento de San Rosendo.